

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao recoñecemento e pagamento íntegro dos importes dos complementos específicos das pagas extras.

### Exposición de motivos

Son xa catro as sentenzas firmes que derrotan o mal facer da Xunta de Galicia. Son catro as sentenzas xudiciais que recoñecen ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta o seu dereito ao cobro íntegro dos complementos específicos nas pagas extras do 2013. A última é do 29 de xaneiro e supón a condena da Xunta ao abono íntegro máis os xuros de demora e as costas (400 euros).

Nesta sentenza achega a novidade de ler o silencio administrativo da Xunta na vía administrativa como favorable á demanda do traballador, polo cal estima na súa totalidade a reclamación presentada polo traballador. Onde non se produciu ese silencio administrativo da Xunta, a administración de xustiza recoñece con carácter xeral a reclamación subsidiaria do terzo do complemento específico de xuño, isto é, a parte devindicada en xaneiro e febreiro ata a entrada en vigor do malfadado orzamento do 2013.

Naquel ano, a ortodoxia neoliberal de Nuñez Feijóo fíxoo ir máis lonxe nos recortes de dereitos ao persoal público e recortar así o complemento específico. Un ataque aos dereitos do persoal público que supuxo unha perda duns 200 millóns de euros anuais para este colectivo.

A Xunta – con esta sentenza - sofre outra derrota que a paga coa obstrución da xustiza, que ten que entender dun grande número de recursos, e co pagamento adicional das costas. E todo pola súa teimuda ortodoxia neoliberal: quitarnos dereitos e cartos ás clases traballadoras para darllos a esa fracción menor da sociedade que detenta o poder económico e diante da cal responde, porque desgrazadamente os gobernos Núñez Feijóo están teledirixidos pola oligarquía capitalista e non responden aos intereses da maioría social traballadora deste país.

A Xunta teima na ilegalidade de secuestrar unha parte do salario do seu persoal. Acontece no caso da reclamación do persoal laboral feita vía conflito colectivo, que foi estimada como reclamación subsidiaria polo TSXG e que o goberno galego recorreu en casación ante o Tribunal Supremo para gañar tempo.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a proceder ao abono íntegro dos complementos específicos recortados en 2013 a todo o persoal público afectado.

En Compostela, a 11 de febreiro do 2016, no centésimo cuadraxésimo quinto aniversario da proclamación da República.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 11/02/2016 14:05:36**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 11/02/2016 14:05:41**



**Eva Solla Fernández na data 11/02/2016 14:05:43**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2016 14:05:47**

**Anton Sánchez García na data 11/02/2016 14:05:51**

**Ramón Vázquez Díaz na data 11/02/2016 14:05:53**